

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2

SESION EXTRAORDINARIA DO 4 DE FEBREIRO DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

NON ASISTE:

González Sagarra, Javier Pablo

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e doce minutos do día catro de febreiro do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e

Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. González Sagarra. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos un Pleno extraordinario convocado coa orde do día asinada o 1 de febreiro de 2010 cunha proposta da Alcaldía-Presidencia de ratificación do acordo do Consello Social da Cidade de apoio á permanencia de Caixanova, para continuar cun segundo Pleno cando remate o primeiro, convocado tamén coa orde do día do 1 de febreiro para os efectos dun punto de moción do Grupo municipal do Partido Popular de apoio ás reformas introducidas pola Lei 10/2009, do 30 de decembro.

Constátase quórum para iniciar o primeiro dos plenos e ábrese sesión pública.

Voulles expoñer ós señores e señoras concelleiros o sistema de debate destes dous plenos.

O primeiro Pleno iniciarase cunha exposición do goberno, do Alcalde neste caso propoñente, para continuar con exposicións de grupos de menor a maior. De seguido intervirá novamente o alcalde, seguirán os grupos de menor a maior e pechará o alcalde.

Imos ser bastante escrupulosos na aplicación do tempo. Na primeira rolda as intervencións serán de dez minutos, na segunda de cinco e o peche será de tres minutos.

No segundo Pleno procederemos de acordo co grupo propoñente do Partido Popular quen iniciará, seguirán quen decidan os grupos BNG e PSOE, para unha nova intervención do grupo do Partido Popular, novamente BNG e PSOE e rematará o Grupo do Partido Popular.

Os tempos volverán ser de dez minutos na primeira intervención, cinco na segunda e

o peche de tres minutos por parte do grupo proponente do Partido Popular.

SR. FIGUEROA VILA: Cuestión de orde. Parécenos que o alcalde toma as decisións pola súa determinación persoal. Pola importancia deste asunto parécenos que unha Xunta de Voceiros debería regular esta cuestión, podería escoitarnos a todos, non o fai, xa sabemos todos cal é o noso criterio.

Hoxe é día 4 e vostede comprometeuse neste Pleno a traer no mes de xaneiro o regulamento de funcionamento do Pleno e non o fixo.

A PRESIDENCIA: Non estamos nesa cuestión. Céntrese na súa cuestión de orde, por favor.

SR. FIGUEROA VILA: A cuestión de orde é que non estamos de acordo cos tempos. En calquera caso, como vostede vai tomar libremente a decisión que queira unha vez máis dende o autoritarismo e a prepotencia, faga o que coide oportuno.

A PRESIDENCIA: Dende a aplicación do criterio que vimos repartindo ata agora e durante dous anos e medio.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Cuestión de orde. O Bloque Nacionalista Galego non ten ningún problema cos tempos, parécenos que son os que vimos utilizando, pero si queríamos facer unha proposta.

Habida conta que estamos falando dun tema moi importante para esta cidade, de que os dous Plenos extraordinarios versan sobre a mesma cuestión, de que todas as forzas políticas que aquí estamos representadas temos as nosas propostas, o Bloque Nacionalista Galego non pode nestes momentos convocar por el mesmo un Pleno extraordinario como poden facer as outras dúas forzas políticas, pero como forza política que somos si temos as nosas propostas que trasladar á cidadanía.

Polo tanto o que propoñemos dende o Bloque Nacionalista Galego é que haxa un único debate para os dous Plenos, que polo tanto ó seren un único debate poidamos dobrar os tempos e que cada forza política poida presentar as súas propostas de resolución.

A PRESIDENCIA: Este é un Pleno regulado de acordo coas normas que se establecen

como criterios de Plenos extraordinarios, aplícanse os tempos que se aplicaron sempre neste tipo de mocións e con respecto ós tempos de intervención quero dicir que cada grupo, de acordo con este mecanismo, vai ter para falar desta cuestión en torno a media hora que pode ser excedida no caso dos dous grupos propoñentes, Socialista e Popular, que pasarían a poder falar en torno a trinta e cinco minutos que é un tempo razoable nos máis importantes debates do Estado da Nación, en calquera parlamento, para expresar as posicións.

Procedemos coa sesión extraordinaria: “Proposta da Alcaldía-Presidencia de ratificación do acordo do Consello Social da Cidade de apoio á permanencia de Caixanova”

ÚNICO(16).- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE RATIFICACIÓN DO ACORDO DO CONSELLO SOCIAL DA CIDADE DE APOIO Á PERMANENCIA DE CAIXANOVA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 1 de febreiro de 2010, o Alcalde-Presidente formula a seguinte proposta:

“A crise económica golpeou con dureza a economía mundial. O sistema financeiro primeiro e a economía real despois, viron como os seus resultados e o mercado laboral entraban nunha difícil situación. Os gobernos de todo o mundo adecuaron as súas políticas económicas para facer fronte á crise.

As entidades financeiras atravesaron situacións difíciles pero de diferente intensidade, polo que a saída da crise se tivo e se ten que enfocar de acordo ás características singulares de cada entidade. En Galicia, o impacto da crise sobre as entidades financeiras tamén foi diferente segundo os casos. Caixanova, fixou a súa estratexia de superación da crise cos obxectivos de manter a solvencia que xa ninguén lle nega, seguir como entidade independente sen fusión, manter a súa sede en Vigo e continuar imbricada na economía de Galicia. Unha estratexia avalada e recoñecida por prestixiosas entidades de cualificación de institucións financeiras.

O Goberno galego, sen que mediase previamente ningún compromiso electoral sobre un tema de tanta transcendencia, tratou de impulsar un proceso de fusión entre as dúas Caixas galegas: Caixa Galicia e Caixanova. Unha fusión rexeitada por Caixanova por considerar que non só a entidade, os seus impositores e no seu conxunto ou tecido empresarial e económico de Galicia saírían prexudicados, senón tamén, porque a Caixa resultante da fusión non sería solvente.

Ante esta negativa, a Xunta de Galicia promove no parlamento e cunha celeridade de difícil xustificación, unha nova lei de Caixas galegas, co único obxectivo de desprazar aos actuais órganos de goberno de Caixanova e substituílos por outros

afíns e favorables á fusión, sendo necesario realizar unha serie de **CONSIDERACIÓNS:**

1.- Galicia necesita entidades financeiras que apoiem o desenvolvemento económico do territorio. Caixanova reúne todos os atributos e características para poder manterse no ámbito financeiro con solvencia, sen fusión ningunha.

2.- Caixanova garante a presenza dunha gran entidade financeira galega, ligada á economía do territorio, coa súa sede en Vigo.

3.- Caixanova reúne as dúas condicións requiridas polas institucións e as forzas políticas: solvencia e galegitude.

4.- Non existen razóns que avalen a fusión. Ao contrario, todos os datos económicos obxectivos sinalan a conveniencia de que Caixanova continúe a súa andaina sen fusión, pois é a maior garantía de que siga existindo unha entidade financeira galega.

5.- Unha iniciativa destas características, de importante repercusión sobre a economía, debe gozar do maior consenso posible e ser froito dunha análise sosegada, exenta de tensións e intereses espurios, no que participen todos os axentes, máxime nunha conxuntura económica tan difícil como a actual.

6.- Debe respectarse a vontade dos órganos de goberno e os equipos directivos de ambas Caixas, xa que son quen mellor coñecen a conveniencia do proceso e, no seu caso, a viabilidade de cada entidade á marxe dá fusión.

7.- No caso de levarse a cabo a fusión, a Caixa resultante non sería solvente e non se garantiría a súa viabilidade a medio prazo. Correríase o risco de que ao final non quedase ningunha entidade financeira en Galicia.

8.- A fusión xeraría unha gran destrución de emprego, fundamentalmente no sur de Galicia. Perderanse uns 1300 empregos como consecuencia da concentración de oficinas e reestruturación dos servizos centrais. Cando o emprego medio en España é por cada mil habitantes de 2,9 traballadores, coa caixa fusionada sería de 2 traballadores, e a densidade de oficinas por cada 1000 traballadores pasaría de 0,44 ao 0,34 coa fusión.

9.- A fusión produciría unha notable redución do poio crediticio ás empresas e particulares, dada a elevada concentración de riscos e o forte apalancamento da entidade resultante, co consecuente efecto negativo sobre a continuidade de moitas empresas.

10.- A fusión tería un efecto negativo sobre a competencia, xerando unha importante diminución da oferta, xa que empresas e familias verían reducidas as súas posibilidades de solicitar apoio financeiro ao reducirse a unha soa as entidades galegas enraizadas no tecido social e produtivo.

11.- Non existen precedentes de fusións paritarias e equilibradas, como intencionadamente se afirma. Estaríamos diante dunha absorción real de Caixanova

por Caixagalicia. O tamaño imporíase á solvencia.

12.- A fusión suporía, xa que logo, a desaparición dunha entidade que xogou un importante papel vertebrador e que foi e é un dos principais alicerces do desenvolvemento económico, empresarial, social e cultural de Vigo e a súa área. A Caixa de Aforros Municipal de Vigo foi a principal impulsora da Universidade de Vigo e hoxe en día, a través da súa Obra Social, é a responsable de gran parte da oferta social e cultural da cidade. Coa Caixa resultante reduciríase a actual obra social nun 70%.

13.- A Lei de Caixas impulsada pola Xunta incrementa considerablemente o control da entidade polos partidos políticos, ao aumentar a súa presenza nos órganos de goberno a través do Parlamento. Adicionalmente o Concello de Vigo, podería ser eliminado como entidade fundadora. A capacidade de decisión trasládase de Vigo a Santiago.

POLO EXPOSTO, dende esta Alcaldía solicito ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

Ratificar o acordo adoptado polo Consello Social da Cidade na súa reunión do pasado 28 de xaneiro, co seguinte contido:

O Pleno do Concello apoia a defensa da permanencia de Caixanova e dos seus órganos de goberno na cidade de Vigo, mantendo a súa solvencia e a súa galeguidade”.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Pediríalle á secretaria que me fora advertindo dos tempos cando interveña eu persoalmente

Señoras concelleiras, señores concelleiros, o pasado día 28 de xaneiro ás sete da tarde reuníase neste Concello o Consello Social da Cidade de Vigol e tomaba unha decisión. Os grupos políticos do Concello representados, o alcalde e institucións cidadás convocadas de acordo coa normativa do Consello Social, tomaban a decisión cun acordo que era: “O Consello Social apoia a defensa da permanencia de Caixanova e os seus órganos de goberno na cidade de Vigo mantendo a súa solvencia e a súa galeguidade”. Esta proposta aprobábase cos votos favorables do alcalde, do Grupo Socialista, Comisións Obreiras, UXT, Zona Franca, Confederación de Empresarios de Pontevedra, Cámara de Comercio, Caixanova, Colexio de Enxeñeiros e Colexio de Avogados e tiña os votos en contra do Grupo municipal do Partido Popular, do Grupo municipal do BNG e da CIG.

Este é o momento no que propoñemos que este Pleno ratifique aquela moción, aprobada polo Consello Social coa presenza das institucións cidadás e das forzas

políticas, de apoio a Caixanova coma entidade financeira solvente, co seu proxecto de futuro, coa súa capacidade de manter os créditos neste territorio e coa súa galeguidade.

Isto porque o sistema financeiro é clave nunha economía, xoga un papel central de apoio, de consolidación e de vertebración dunha economía e Vigo ten a máis potente industria de todo o norte e todo o oeste de España. Vigo, vertebrada por unha institución financeira de forma maioritaria que é Caixanova. Toda esa industria, toda esa actividade comercial, turística, hostaleira, comercial, económica, con este enorme poderío desta cidade, está financiada, vertebrada de forma clave por Caixanova.

Cando falo de Vigo quero falar de todo o sur da provincia de Pontevedra, quizais de todo o sur de Galicia porque máis do 35% do crédito que se dá neste territorio, no Gran Vigo, provén de Caixanova. Unha cota de penetración dunha entidade financeira nun territorio como probablemente non ten igual ningunha outra zona da economía española; pequenas, grandes e medianas empresas están vertebradas e financiadas de forma masiva por Caixanova.

Caixanova, que capta aforro fóra de Galicia e invístelo en Vigo; que está collendo aforro fóra das fronteiras deste territorio para o investir en Galicia e en Vigo e para manter adicionalmente a súa acción en todo o conxunto da obra social, cultural, de educación, cidadá, deportiva, fundamentalmente do territorio do Gran Vigo, fundamentalmente no territorio no que todos os concelleiros e concelleiras que formamos este Pleno fomos elixidos.

A clave desta cuestión e deste debate é quen necesita de fusión e quen non necesita de fusión. O feito e os datos son que Caixanova non necesita de ningunha fusión. Os datos incuestionables son que Caixanova é unha entidade solvente, con capacidade de resistir e de permanecer coma entidade financeira independente, viguesa, galega e solvente e ós datos imos porque un debate destas características tense que centrar en datos.

A liquidez de Caixanova, 6.315 millóns de euros, significa capacidade de pagamento agora de todos os compromisos financeiros dos próximos once anos. Por tanto só cos recursos de liquidez actuais, os que ten agora a primeiros do ano 2010, podería aguantar os próximos dez anos. A iso haberá que engadir os recursos de liquidez que vaia obtendo neses próximos dez anos.

Polo tanto a capacidade de resistir e liquidez, que é o tema central neste momento

nas entidades financeiras, está absolutamente garantida en Caixanova.

A máis ten unha boa estrutura de persoal: 3.292 profesionais traballando en Caixanova dos que 600 están nos servizos centrais da cidade de Vigo, 600 profesionais de alta cualificación traballando nesta cidade con resultados actuais francamente notables, 113 millóns de euros de beneficio da entidade Caixa de Aforros Caixanova e 161,5 millóns de beneficio consolidado en todo o grupo. 161,5 millóns de beneficios que permiten unha capacidade de recapitalización adicional para seguir permanecendo no futuro, ademais de poder dedicar 45 millóns e medio á actividade da obra social.

Eses son os primeiros datos de Caixanova, os que xa sinalan a súa capacidade de pervivir independente e de seguir atendendo ás necesidades sociais e á recapitalización da propia entidade.

Pero vaíamos a máis porque hai que seguir falando da institución e da súa capacidade de pervivir. Ratio de solvencia: 12,20. Saben vostedes, señoras e señores concelleiros, cal é o ratio de solvencia que a auditoría de KPMG presenta coma obxectivo da caixa fusionada para dentro de seis anos? É de 12,15. Neste momento Caixanova ten o ratio de solvencia que se pretende conseguir dentro de seis anos na caixa fusionada. Agora ten a solvencia obxectivo da caixa fusionada, a que pretenden que nese óptimo de caixa fusionada se teña dentro de seis anos, Caixanova xa a ten nestes momentos. O Tier 1 de Caixanova nestes momentos é de 8,20. Volve ser o obxectivo da caixa de aforros fusionada para dentro de seis anos. O core capital é de 6, isto significa que nestes momentos Caixanova ten capacidade para aguantar esta moi dura crise cos seus instrumentos financeiros, as súas reservas e o seu capital. Polo tanto pervivir coma entidade viguesa, galega e solvente.

Pero hai unha segunda argumentación que se escoita: que non pode pervivir polo seu tamaño; o tamaño de Caixanova non a deixa pervivir.

Agora que xa sabemos que é solvente, que aguanta, que ten liquidez e que soporta a crise, imos ó tamaño. Temos o Banco Pastor que é do tamaño de Caixanova e ninguén dubida que pode pervivir; Caja Sol xa fusionada, tamaño de Caixanova; Castilla-León: caixas que se van fusionar do tamaño de Caixanova; Cataluña: a última fusión, tamaño de Caixanova; Extremadura: as dúas moito máis pequenas que Caixanova; País Vasco: tres moito máis pequenas que Caixanova.

Polo tanto, señores e señoras concelleiros, quérolles dicir que neste momento Caixanova ten capacidade de subsistir e de aguantar. Por que se propón a fusión? Por

que se trata de fusionar unha entidade seria, sólida e solvente, avalada nunha auditoría que neste momento ninguén coñece? Auditoría da que o único que coñece neste momento Caixanova é o papel colgado na páxina web da Consellería de Facenda de Galicia. Caixanova non coñece nestes momentos esta auditoría que parece ser que custou un millón de euros e que o único que di é que Caixanova pode subsistir coma entidade financeira. O gobernador do Banco de España avala Caixanova e das fusionés di que “Se adornen coma se adornen non imos admitir fusionés insolventes”.

Pero adicionalmente todos sabemos o que está a pasar: que se vai utilizar Caixanova, entidade solvente, sólida e con capacidade, para resolver un problema financeiro do norte de Galicia e sairá unha caixa fusionada feble e sen solvencia que será finalmente absorbida por algunha institución de fóra de Galicia.

Por que en todo este tempo e en todo este proceso non se dixo por parte do Sr. Núñez Feijóo que había un acordo de fusión entre Caixagalicia e Caja Madrid? Levamos tres meses de debate e, por que neses tres meses o Sr. Núñez Feijóo non nos dixo que hai un convenio e un acordo de fusión de Caja Madrid con Caixagalicia? Quérolles dicir, señores e señoras concelleiros, que defendan Vigo, quérolles pedir que defendan esta cidade, a cidade pola que vostedes foron elixidos porque defendendo esta cidade e o seu proxecto financeiro están defendendo Galicia, porque esta caixa de aforros é a que vai pervivir, permanecer, garantir a galeguidade e a presenza de Galicia. Dende Vigo e cunha entidade solvente é quen de aguantar.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Imos defender Vigo. Eu presenteime hai case tres anos a unhas eleccións como candidato polo Bloque Nacionalista Galego; fomos elixidos cinco concelleiros para defender Vigo. Para iso nos presentamos e para iso todas as forzas políticas puxemos enriba da mesa un programa electoral, o mesmo que puxemos nas últimas autonómicas. Imos defender Vigo e Galicia.

Sr. Caballero, vostede acaba de dar moitos datos, pero lle falta un. Un dato clave e concreto que non di.

Hai máis de dous anos o Partido Socialista e o Partido Popular chegaron a un acordo, votaron un acordo que xa todo o mundo coñece coma o acordo do Decreto do FROB. Vostede non di unha cousa: ese acordo di que Caixanova (son directrices do Banco de España, non do BNG) cos activos que ten nestes momentos non pode ser unha caixa independente. Non o di o Bloque Nacionalista Galego, dio o Partido Socialista:

Caixanova non pode camiñar soa. O Bloque Nacionalista Galego está a favor de que Caixanova quede soa, de que camiñe soa; onde hai que firmar, Sr. Alcalde? Déanos o papel e o Bloque Nacionalista Galego firma agora mesmo que Caixanova quede soa pola súa solvencia, pola súa eficacia. Dígoo diante de todos os medios de comunicación.

Pero vostede sabe e agocha que iso agora mesmo é imposible. Tamén o sabe o Partido Popular que ten nestes momentos a maioría nun goberno que a día de hoxe aínda non é quen de recorrer precisamente ese FROB. Iso é o que ineludiblemente condena a Caixanova a non seguir soa, un decreto que dimana do goberno central e vostede pertence a esa mesma forza política. Dígalle vostede ó Sr. Zapatero e ó goberno de España que deixen que Caixanova siga soa e eu vou con vostede reclamar isto ó seu carón. Pero vostede sabe que hoxe iso non é posible.

Só hai dous escenarios, non hai ningún máis: ou a fusión, a integración das dúas caixas galegas nunha única caixa galega, ou algo, Sr. Alcalde, que vostede no documento que presenta ó CES agocha porque o outro escenario é un SIP, a integración, a alianza de Caixanova con caixas de fóra. Este documento que vostede presenta ó CES é un documento absolutamente nesgado, só fala das argumentacións en contra da fusión pero en ningún momento, non hai nin un só parágrafo no que vostede lle explique ó CES e á cidadanía que significa un SIP, cal é a alternativa á fusión.

Vostede sabe que a alternativa á fusión é un novo ente de tres, catro ou cinco caixas que obrigatoriamente teñen que crear unha nova entidade, un banco con sede en Madrid. Dicía vostede ben que o 35% de Caixanova se inviste aquí, pero a alternativa á fusión é que eses investimentos os decida un banco central con sede en Madrid e non o poidan decidir os aforros dos vigueses e das viguesas, dos galegos e das galegas.

Diso é do que hai que informar, non abonda con dicir non á fusión. Hai que ser claros e dicirlle á cidadanía cal é a alternativa: ou unha caixa galega, iso si, paritaria porque onde está escrito? Móstrame o papel onde se di que a fusión vai significar a absorción de Caixagalicia por Caixanova.

Se somos máis solventes, máis eficaces, temos mellores estrutura de persoal, que ten que tremer Caixanova e Vigo dunha fusión? Ou é que aquí non houbo xa unha fusión? Ou é que Caixanova non é o resultado de Caixavigo, Caixa Ourense e Caixa Pontevedra? Que lle aconteceu a Caixanova con esa fusión? O que vostede está a

dicir: unha maior estrutura, un mellor funcionamento e unha mellor solvencia. Por que trememos diso se eses datos están claros?

O que se está consumando nestes momentos, Sr. Alcalde, é que aquí non se está a defender Vigo por parte de moitos; estanse a defender intereses partidistas, estase a defender a Madrid, tanto polo Partido Popular coma polo Partido Socialista porque é un goberno do Partido Socialista quen di que vai recorrer unha lei aprobada polo Parlamento Galego: a Lei de caixas e a razón é que precisamente na Lei de caixas unha das melloras que se recolle é que será o Parlamento Galego quen autorice e quen dea o visto e praxe ós SIPs que se cren, de creárense algún. Iso a vostedes non lles interesa porque queren que Caixanova vaia cara á órbita do PSOE ó igual, efectivamente, que quere o Partido Popular que Caixagalicia se vaia cara á órbita do Partido Popular. Ese é o doce, o reparto. Non se está a defender Vigo dicindo non á fusión; estase a defender que Vigo e Galicia non teñan a capacidade de decisión que teñen outros territorios do Estado.

Por que ese Decreto do FROB hai dous anos e non moito antes? Por que hai dous anos é cando dende Madrid se decide quen poden seguir soas e quen non? Por que dende Madrid se decide o tamaño para seguir? Porque nese momento vostedes, Partido Popular e Partido Socialista, xa tiñan as súas grandes caixas consolidadas e polo tanto esas grandes caixas agora necesitan ir absorbendo ás outras medianas aínda que solventes. Esa é a razón e a clave de que o goberno central vaia recorrer unha lei votada lexitimamente por un Parlamento.

Que grande contradición: o Parlamento Galego non pode decidir como se fan os SIPs, como se fai a fusión. En troques un goberno central pode decidir que Caixanova non continúe soa. Esa é gran contradición. Esa é a defensa de Vigo?

Defender Vigo significa que nos fortalezcamos entre todos os galegos e galegas para que Caixanova siga tendo o poder de decisión nesta cidade e iso está garantido cunha fusión paritaria na que se respecte o papel predominante de Caixanova e desta cidade que nós sempre defenderemos. Que quede moi claro que o BNG nunca vai aprobar ou defender unha fusión que deixe a Vigo e a Caixanova en peores condicións. Nunca, porque coidamos que é posible unha fusión paritaria na que Caixanova siga tendo o peso fundamental.

Esta é a clave e o que se está consumando nestes momentos coa presentación do recurso a unha lei galega é que Galicia, Vigo, quede unha vez máis sen poder de decisión financeira.

Hai outra razón. Lembran cando unha forza política dicía que era necesario que este país tivera un novo estatuto de nación? Lembran cando o Bloque Nacionalista Galego reivindicaba que este país tivera un novo estatuto de nación? Algúns dicían que para que un novo estatuto. Para isto, para que ó igual que acontece en Cataluña que o goberno non se pode meter coa súa lei de caixas, poida acontecer en Galicia, para que teñamos máis competencias e que sexamos nós, os vigueses, os galegos e galegas, quen decidamos o futuro do noso poder financeiro. Esta é a clave.

Non se está a defender Vigo cando se di non á fusión, porque cando se di non a alternativa que se pon enriba da mesa é que Caixanova se teña que unir con caixas de fóra e teñamos que estar baixo as decisións dun novo ente que é un banco central. Iso non o di o BNG, acábao de dicir a propia Confederación Española de Caixas de Aforro que lle acaba de reclamar ó goberno que nos futuros SIPs, de se facer, non se cre un banco coma novo ente, senón que siga sendo unha caixa. Isto quere dicir que un SIP obriga á creación dun banco con sede en Madrid e aí é onde se vai decidir e os aforros dos vigueses e viguesas, dos galegos e galegas vanse ter que repartir, non en Vigo ou en Galicia, senón noutros territorios do Estado. Esta é a clave.

Nós si defendemos Vigo e por iso queremos que Caixanova e esta cidade sigan tendo o seu poder de decisión aquí, onde están os nosos aforros.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, dende logo vostede acaba de facer unha serie de afirmacións que moitas delas raian na mentira e na falsidade e iso parécenos moi grave. Vostede pode falar de liquidez pero está confundindo á opinión pública e faio a propósito porque vostede ten a formación suficiente para o saber; fala de liquidez pero non de solvencia. Vostede di que Caixanova ten liquidez para facer fronte á súa débeda a curto e medio prazo, pero o que non di é que Caixanova vendeu as xoias máis importantes que tiña e que hai pouco se lle entregou Fenosa ós cataláns. Polo tanto vostede di unha verdade a medias, ten liquidez pero o que conforma o gordo do seu capítulo industrial está vendido e iso fíxose para obter plusvalías pero adelgazou o que é verdadeiramente importante. Ogallá que non ocorra coma noutras empresas coma R.

Sr. Alcalde, vostede está instalado na confrontación que é o único que lle preocupa. Como ven dicir aquí agora que Caixanova se pode xestionar en solitario cando dixo hai semanas que o mellor para Caixanova era un SIP e non a fusión? Non o dicimos

nós. O director xeral de Caixanova, D. José Luis Pego, dille ós sindicatos: “Non podemos seguir sós... Traballamos nun SIP”. Esa é a realidade e, como ben dixo o Sr. Domínguez Olveira, é certo, vostede está provocando que desapareza Caixanova.

Eu lembro dende moi pequeno aqueles petos que había onde metiamos os nosos aforros cando os nosos familiares nos daban unha propina; tamén lembro que en Vigo había un comercio que se chamaba “El Pilar” que era o comercio central desta cidade onde comprábase todo pero cando chegou “El Corte Inglés”, “El Pilar” non se reestruturou e ó final acabou desaparecendo.

O fondo desta historia que os socialistas non queren admitir é que a crise financeira provén dunha crise económica que vostedes agocharon porque durante moitos meses dixeron que non había crise, ós que dicían que había crise chamáronlles antipatriotas, dixeron que non era verdade e a crise aflorou. A partir de aí produciuse en España unha reestruturación do sistema e do mapa financeiro promovida polo Banco de España xestionado por un membro do seu partido, non é sospeitoso. O Banco de España é o que está puxando pola reestruturación do mapa financeiro español. A partir de aí se lle presentan varias opcións ás caixas.

O gobernador do Banco de España di claramente que de corenta ou corenta e cinco caixas que hai agora mesmo terán que se quedar en dez ou quince caixas aproximadamente. Dende o Banco de España é dende onde se está puxando pola reestruturación do sistema financeiro español. A partir de aquí hai tres opcións: a da xestión en solitario que o propio director de Caixanova di que é imposible. Pero non só el, todos os analistas económicos, o gobernador do Banco de España e todos os que estudan estes temas. Ademais di algo importante: que todas as entidades que non superen os 50.000 millóns de euros en activo non terán espazo no xogo do novo escenario financeiro, é dicir, están poñendo un mínimo de 50.000 millóns de euros en activos que de non se acadar non terán o espazo necesario para poder levar a cabo a súa xestión. Esta é a realidade, son datos obxectivos avalados por todos os expertos. Se a xestión en solitario de Caixanova non é posible só quedan dúas cousas: ou a fusión, ou un SIP. Como dixo o gobernador do Banco de España dunha maneira para que o entendera todo o mundo, a fusión pode ser interna, externa ou medio pensionista e a maioría social de Galicia di que quere unha fusión entre as dúas entidades galegas para conformar unha entidade forte, galega e solvente. A cuestión é que vostede non está a defender Vigo nin Caixanova, está a defender os seus intereses partidistas, comezou a súa campaña electoral, a vostede non lle preocupan

as caixas senón única e exclusivamente acadar réditos electorais, partidistas no seu beneficio propio.

Se a vostede lle preocupasen as caixas intentaría defender Caixanova e sabe que a única opción posible nestes momentos é defender a fusión entre dúas caixas galegas e, para que? Ese é o debate que non fai. Vostede quere a confrontación co presidente da Xunta de Galicia pero con quen ten que facer o debate é co seu compañeiro da Coruña, Sr. Losada. O que pasa é que a vostede xa lle pasou o tempo porque no ano 97 tivo os peores resultados da historia de Galicia como terceira forza política e perdeu esa oportunidade de seren presidente da Xunta de Galicia e seguramente de poder tomar esas decisións.

Coma dicía esta é a única opción posible porque nós tampouco queremos unha fusión con caixas externas porque os poderes de decisión se trasladarían a Madrid ou Barcelona. Nós queremos unha fusión entre caixas galegas pero cun debate serio que é o que se tería que producir nesta Corporación. O debate é que dende Vigo temos que liderar esa nova caixa galega. Ese é o debate que se ten que producir; dende Vigo, onde os órganos de representación desa nova caixa galega sexan persoas de Vigo, que teñan o peso suficiente xa en Caixanova e que poidan ser o director xeral ou o presidente desa nova caixa.

Logo temos o segundo debate que é o importante, que temos que intentar que a sede social estea nesta cidade. Ese é o debate que vostede non quere facer porque non lle interesa, é o debate de verdade. O debate de verdade é que Vigo teña o peso que lle corresponde na nova dirección da caixa galega e que a sede estea na nosa cidade. Vostede non pronuncia iso para nada. Niso é no que temos que estar traballando dende Vigo e seguramente no que tiña que estar traballando esta Corporación pero vostede sae con outros datos económicos.

Todos os indicadores do Lehman Brothers o día anterior á creba eran positivos e vostede está a ser un irresponsable porque coa formación que ten sabe que a base do sistema financeiro é a confianza e sabe que se xera inseguridade, pódese producir unha creba do sistema e desas entidades porque está lanzando mensaxes de inseguridade a moitas entidades. Iso é o que vostede non di.

Pero tampouco dá todos os datos, intenta manipular e confundir permanentemente porque os datos de Caixanova coñéceos o Banco de España e seguramente o núcleo duro pero ó mellor non vostede, nin eu, nin as persoas normais; coñécenos eles e utilízanos segundo lles interese. Vostede non pode facer afirmacións coma as que

está a facer de que hai unha caixa que ten que salvar á outra porque iso pode xerar a creba do sistema galego e vigués e é unha irresponsabilidade dunha persoa que é catedrático de Economía que non se pode permitir. Sr. Caballero, non llo imos permitir porque hai moitos aforradores vigueses que teñen os seus aforros nas dúas caixas e que poden ter problemas. É vostede un inconsciente político e persoal porque sabe que a base da economía é a confianza.

Repítolle que Lehman Brothers, unha das entidades máis fortes do mundo, o día anterior á creba daba positivo en todos os ratios e todos os indicadores. Vostede sabe que se hai problemas nunha caixa ou insolvencia o primeiro que ten que facer o control é o Banco de España e se non o fixo de ningunha das dúas caixas é porque as dúas son solventes. Ese é un principio básico e vostede coñéceo porque é catedrático de Economía e sabe que quen ten que intervir é o Banco de España, como sabe que tivo que intervir Caja Mancha pola situación que tiña.

Como pode facer esas afirmacións cando empresas de Vigo están financiadas polas dúas caixas? Cando sabe que Caixanova está financiando empresas do norte, como vostede di. Quen financia Fadesa? Ou ó Deportivo? Diga quen, Sr. Alcalde. Ese é o gran problema e por iso vostede quere un SIP que é o que está defendendo. O SIP para que? Para que os poderes de decisión marchen cara Madrid ou Barcelona. Para compracer ós seus colegas do Banco de España que o que queren de vostede é que as caixas se convertan en bancos. Sabe que ocorrerá de haberen un SIP e de converterse as caixas en bancos? Que desaparecerá a obra social. Iso é o que queren os socialistas dende o Banco de España. Non lles abondou con traernos a crise, agochala e negala, senón que agora queren destruír o sistema financeiro custe o que custe e vostede dende aquí, dende Vigo.

O Sr. Caballero non defende Vigo, quere que desapareza Caixanova, que se converta nun banco a través dun SIP con outras entidades e con outras caixas e que o poder de decisión marche a Madrid ou Barcelona.

A PRESIDENCIA: Nesta parte do debate achegamos datos incuestionables sobre a capacidade de Caixanova, a súa solvencia e a súa bondade en proxecto de futuro e ninguén é capaz de desmentir eses datos.

Unha vez establecido que Caixanova é capaz de aguantar, cuestiónase pola parte do Sr. Figueroa que non din datos de solvencia. Sr. Figueroa, vostede non atendeu porque lle din o ratio de solvencia e díxenlle que ese ratio de solvencia é o mesmo

que vai buscar a caixa fusionada dentro de cinco anos; xa o ten Caixanova como tamén ten o Tier 1 e o core capital que busca a caixa fusionada dentro de cinco anos; eses son datos de solvencia.

Sr. Figueroa, acúsame a min de sementar inseguridade e de inmediato vostede pon en dúbida a viabilidade de Caixanova, a posibilidade de que Caixanova subsista, máis aínda, dixo “vendeu as xoias da coroa, en suma, está descapitalizada”. Eu non vou falar contra ningunha caixa de aforros porque non din datos contra ningunha, podería dalos e moi serios.

Neste momento os activos de Caixanova permanecen de forma clara e manifesta. Participacións empresariais en España: en investimento 7, en infraestruturas 2, en servizos 7, en alimentación 1, en téxtil 1, en industrial 3, en inmobiliario 9, en financeiro 5, en hoteis 3. Participación en Galicia: en autoestradas 2, en alimentación 4, entre outros 5% de Caixanova; en comunicación R 60%, á parte do Grupo Sipsa; en industrial 3, en transporte 1, en téxtil 5% de “Adolfo Domínguez”, en audiovisual 1, en inmobiliario 3; en financeiro-seguros propietaria dun banco, Banco Galego, 5.000 millóns de activos, propietaria do 5% do Banco Pastor, en enerxías 4, en naval 1, en automoción COPO, en servizos 6, en investimento... E así unha longa lista de activos claves, centrais, con enorme posibilidade de pervivir, todo sen vender, todos en activo.

Non quero falar doutras pero si quero dicir máis cousas. Quero dicir que claro que pode pervivir en solitario, pero non o digo eu, a mesma proposta que facía o Sr. Domínguez Olveira agora, fíxoa o representante do BNG no Consello Social e contestoulle o representante de Caixanova directamente dicindo que garantía a galegitude e que non se vai desta cidade ese proxecto de Caixanova sempre autónomo e independente e se a alternativa é unha caixa en Galicia, esa será Caixanova. É independente, solvente, garante a súa pervivencia e a súa entidade. Isto díxoo o representante de Caixanova no Consello Social.

Debo dicir máis, Caixanova permanecerá cos seus activos nesta cidade, coa súa capacidade de seguir definindo os seus investimentos e co seu proxecto autónomo. Caixanova -tomen nota- non recorrerá ó FROB, Caixanova non necesita apoios do Fondo de Regulación do Banco de España e os 1.300 millóns desa auditoría que aparecen na caixa fusionada son porque hai outra entidade que os necesita xa. Hai que dicir as cousas con verdade porque estamos falando dunha cousa moi seria, estamos falando de se mantemos polo menos unha entidade galega, que é

Caixanova, activa ou se podemos facer unha fusión e vanse as dúas. Exactamente igual que hai negociado un acordo de fusión entre Caixa Galicia e Caixa Madrid hai catro meses e agochado polo Sr. Núñez Feijóo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Vou volver dicilo a ver se desta vez se me entende. A min e á cidadanía gustaríanos que nos falaran de cal é a alternativa á fusión. Eu sigo sen escoitala. Que se diga claramente que a única alternativa á fusión é que Caixanova teña que facer un SIP con algunhas caixas. Se Caixanova non necesita o FROB volvo dicir, Sr. Alcalde, dígalle ó Sr. Rodríguez Zapatero que nola deixe seguir soa. Non nos deixa. Hai un límite de 50.000 millóns de euros de activos que non os ten Caixanova e xa din claramente as directrices que non haberá espazo para entidades que non teñan ese límite. Dígalle a un militante do Partido Socialista, como é o presidente do Banco de España, que cambie, que permita que Caixanova camiñe soa. Non hai outra alternativa á fusión que un SIP cun banco central en Madrid, necesite ou non o FROB. Os regulamentos do SIP están moi claros.

Si que hai que dar datos. Voulle dar un: analicen o que aconteceu en Italia cos procesos dos SIPs. Saben en que acabaron as caixas? En fundacións porque efectivamente ós poucos foron bancarizadas e privatizadas. Diso falaba o Sr. Figueroa, que por certo, que o Partido Popular que goberna Galicia fale de privatizacións é moito falar por todo o que están a facer coa sanidade, etc. Non hai outra alternativa.

Nós non imos votar o acordo do CES porque o mesmo día que vostede o convocou eu dixen que nesta cidade non se poden dicir dúas cousas. Non se pode dicir que quen está en contra da fusión defende Vigo e quen está a favor non defende Vigo. Esas eran linguaxes doutros tempos, “ou todos comigo ou todos contra min”. Non é certo, somos forzas políticas que temos visións políticas e o BNG ten unha visión moi clara que é defender os intereses de Vigo e de Galicia coma fixemos sempre cando as outras dúas forzas políticas miraron cara arriba. Defender Vigo, Sres. Caballero e Figueroa, significa que cando se goberna en Madrid non se discrimine a esta cidade nos seus orzamentos. Cando se goberna na Xunta e en Madrid defender Vigo significa que os deputados do Partido Socialista e os do Partido Popular se rebelen contra os seus dirixentes para que Vigo e Galicia teñan o que sempre precisaron e mereceron. Iso é defender Vigo. Defender Vigo e Galicia é que os deputados do Partido Socialista que se presentaron nesta cidade para nos representar nun

Parlamento non deben permitir que un goberno do Estado se inmisza nas cuestións que ese Parlamento aproba. Iso é defender Vigo e Galicia.

Despois de defender Vigo e Galicia cada forza política ten que ser coherente co que propugna e co que di, aquí, en Santiago e en Madrid. O Partido Socialista votou neste Pleno que estaba a favor de puxar por unha nova lei de caixas e é o propio Partido Socialista quen en Madrid recorre esa lei de caixas. Esa é a coherencia que o BNG tivo dende o principio e que terá.

Non imos votar a favor do acordo do CES porque dende o noso punto de vista a segunda cousa que non se pode facer é dicirlle a uns colectivos que adoiten unha postura cando nin os propios colectivos tiñan esa postura tomada. Vou dar un dato: a Confederación de Empresarios votou a favor do acordo do CES pero onte mesmo o 67% dos empresarios vigueses dixeron que estaban a favor da fusión e houbo algunha intervención nese acto que mesmo lle chamou a atención ó presidente da Confederación por falar en nome dos empresarios cando aínda non tomaran a decisión.

Iso é o que dicimos nós, que non se pode convocar un CES para facer que un colectivo se manifeste a prol de algo que nin sequera se debateu, o mesmo na Federación veciñal que nunca tivo unha asemblea para decidir a favor ou en contra da fusión e o mesmo cos demais colectivos e cos traballadores. Dato de última hora: non será tan mala a fusión cando o 63% dos traballadores de Caixanova nunha enquisa realizada maniféstanse a prol.

En definitiva, defender Vigo significa defender Vigo aquí, en Santiago e en Madrid. Díganlle ó Sr. Rodríguez Zapatero que deixe que Caixanova siga soa e nós firmamos mañá mesmo. Iso é o que ten que facer un representante que quere defender Vigo e Galicia. A única garantía total desa galeguidade é que Caixanova siga soa, que a deixen seguir, senón a única garantía é unha fusión que todos imos defender que sexa paritaria efectivamente e que así se asegure que os centros de decisión sigan en Galicia e non en Madrid. Iso é defender Vigo e Galicia.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, dá moitos datos para intentar confundir, pero lle volvo repetir que é unha irresponsabilidade pola súa facer esas afirmacións.

Eu teño un dato do día 29 de xaneiro que non vou facer público, dun organismo nacional que controlan e dirixen vostedes pero que llo vou entregar á secretaria para que o garde neste debate e farémolo público cando pase todo este proceso; non o

vou dar pero o teño aquí e voulo facilitar á secretaria.

Vostede está enganando permanentemente á cidadanía e é un irresponsable, non pode xerar a dúbida sobre ningunha das entidades. O único que se está a dicir dende o Banco de España é que as entidades que non teñan un nivel medio en torno ós 50.000 millóns de euros de activos non se poden xestionar en solitario. Iso di o Banco de España e o director xeral de Caixanova José Luis Pego anuncia ós sindicatos e ós traballadores "...non podemos seguir sós ... traballamos nun SIP".

Pero lle vou dicir máis sobre compañeiros de seu no Parlamento de Galicia. Na acta do Parlamento de Galicia no punto da moción sobre a galegitude das caixas o Sr. Leiciaga di: "Sobre a moción non temos absolutamente ningunha dificultade, os dous puntos parécennos razoablemente ben, son dunha extrema prudencia. Manter os centros de decisión das caixas en Galicia xa o dixemos nun debate previo de interpelación, creo que en todos os grupos hai un consenso sobre este tema".

Pregunta: Reforma a lei de caixas? Estaba nos programas electorais dos tres partidos. Volve mentir vostede cando di publicamente que non estaba neses programas, dio continuamente nos programas que ten pagados por esta Casa nas distintas televisións locais.

Digo ben: nos programas pagados polo Concello de Vigo que non nos dan a oportunidade a nós de facer esa mesma defensa. Vostedes páganos co diñeiro de todos os cidadáns e pedímoslles a eses medios de comunicación que tanto ó Bloque coma ó Partido Popular nos dean a oportunidade de facer ese programa coa mesma entrevistadora o próximo luns. Só pedimos unha cousa, que a metade dese programa que o Concello de Vigo ten pagado para o Alcalde de Vigo se reparta entre o Bloque e o Partido Popular. Xa non queremos o programa enteiro, abonda coa metade coa mesma entrevistadora e co mesmo sistema de preguntas. Pedímoslle aquí ó alcalde que o faga polo ben da cidadanía porque trece concelleiros representamos a 60.000 votos, a 20.000 votos máis que os do alcalde. Sr. Alcalde, pedímoslle aquí publicamente que como ese programa está pagado polo Concello de Vigo, tanto ó Bloque como ó Partido Popular lle dea a parte correspondente. Nós queremos a metade do tempo que ten vostede e a outra metade deixámoslla para o Bloque.

Volvendo ó feito de que o Sr. Leiciaga dicía que reformar a lei de caixas estaba nos programas electorais dos tres partidos políticos e ademais dicía "...que vai haber fusiós e alianzas non nos cabe ningunha dúbida". Sr. Alcalde, dicíanme que vostede se retorecía na cadeira, que non estaba a gusto cando o gobernador do Banco de

España estaba no Club Financeiro e dicía: "...máxima celeridade ... o FROB remata o día 30 de xuño para acudir a estes fondos" e tamén dixo claramente que un SIP era irreversible. Vostede defendeu o SIP e Caixanova é o que está a defender.

Polo tanto nós dicimos claramente que queremos seguir tendo un caixa viguesa e galega, queremos que as dúas caixas galegas se poidan fusionar nunha forte e competitiva e queremos que de Vigo e de Galicia non desaparezan as dúas caixas. Como desaparezan as dúas caixas só haberá un responsable: vostede e o apoio do Partido Socialista.

Sr. Alcalde, vostede segue utilizando e manipulando. Son tantas as falsidades que o outro día houbo dúas, tres ou catro manifestacións en contra da mobilización que vostede puxo en marcha e vostede non o fixo público nin o dixo. Hai unha carta do CEP que vostede gardou, non fixo pública e esa carta nola enviaron a todos os membros do Consello Económico e Social. Non minta, Sr. Alcalde. Mente descaradamente se vostede di que non recibiu unha carta do CEP na que se lle falaba da fusión e dicíalle claramente que non estaba de acordo coa manifestación. Vostede mente, Sr. Alcalde, mostrareilla. Como pode mentir con tanto descaro cando a carta do CEP lle chegou ó alcalde de Vigo e tñña o alcalde de Vigo?

A PRESIDENCIA: Este é un tema moi serio para aguantar as súas frivolidades, Sr. Figueroa, é un tema moi serio para seguir o sistema cotiá do Partido Popular que consiste en falar de todo, de programas de televisión, do que cada quen fai cando estamos falando de caixas de aforro, de economía, de emprego, futuro, presente, da capacidade deste territorio de subsistir e o Partido Popular fala dun programa de televisión. Pois eu vou seguir dando datos que están enriba da mesa e que din, Sr. Domínguez Olveira, que a alternativa á fusión é Caixanova independente, viguesa, solvente e con futuro; esa é a alternativa á fusión porque todos os datos sinalan que aguanta ben e que o proxecto de fusión o que pretende é utilizar Caixanova para resolver un problema financeiro do norte de Galicia. Caixanova aguanta soa, aguanta ben, ten futuro, os datos responden. Dio a propia Caixanova.

Pero non é certo que se necesiten 50.000 millóns de límite de activo. Voulle dar os datos. Caja Sol e a súa fusión non chega, a segunda de Castilla-León non chega, a terceira de caixas de Cataluña non chega, Extremadura non chega, Badajoz non chega, Canarias non chega e cada unha das tres vascas non chegan. Todas estas caixas de aforros están en torno ó tamaño de Caixanova, Caja Sol, Castilla-León,

caixas de Cataluña, Extremadura, Badajoz, Canarias e as tres caixas vascas que permanecen as tres independentes e sen fusión. As tres máis pequenas ca Caixanova.

Ese é o proxecto que nós reclamamos para esta cidade, para este territorio e para Galicia e téñolles que dicir que hai que estar ó fronte desta cidade, que hai que escoitar o pulso da cidade, saber o que nos estamos xogando neste momento en Vigo, o que nos estamos xogando en Galicia e que nos digan por que se agochou polo Sr. Núñez Feijóo o proxecto de fusión de Caixa Galicia con Caixa Madrid hai tres ou catro meses pechado. Estivemos durante tres meses falando de caixas en Galicia e o Sr. Núñez Feijóo agochou que había un proxecto pechado de fusión de Caixa Galicia con Caja Madrid.

Eu dígolles que dende a Alcaldía e o Grupo Socialista vai seguir defendendo esta cidade, o noso patrimonio, o noso futuro, o noso emprego. Eu dígolles a vostedes que non fagan caso dos seus líderes de Galicia e se unan a nós para defender Vigo, defender o emprego, a economía, a cidade, a defender todo. O emprego de tantas e tantas empresas, milleiros de empresas que están sendo financiadas por Caixanova, no naval, no comercio, no automóbil, no sector de alimentación; empresas ás que Caixanova continuamente está financiando. Defender a obra social de tanta cultura, tanto deporte, tanto ensino que está continuamente dependendo disto porque na fusionada se caerá.

Pídolles que voten o que o Consello social, a cidade, as organizacións desta cidade votaron, que voten a favor de Caixanova.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezasete votos en contra dos membros do Grupo municipal do PP, Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e nove votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia,
ACÓRDASE:

Rexeitar a proposta da Alcaldía-Presidencia relativa á ratificación do acordo do Consello Social da Cidade de apoio á permanencia de Caixanova, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e vintecatro minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.